

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DEZANOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

##### Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.  
Dna. Raquel Caruncho Corral.  
D. José Simoes Couceiro.  
Dna. Yolanda Vázquez Busto.  
Dna. Silvia Fornos Permuy.  
Dna. Marta Pico Machado.  
D. Francisco Javier Crespo Romeo.  
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.  
D. Andrés Pérez Pérez.  
Dna. Ana María Veira García.  
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as nove horas e trinta e oito minutos do día dezanove de decembro de dous mil dezasete, xúntanse en sesión extraordinaria e urxente, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e a Interventora Municipais.

##### Non asiste:

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

##### Secretaria:

D<sup>a</sup>. Ana Ramos Ramos

##### Interventora

D<sup>a</sup>. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### **1. -RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN E INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“ PROPOSTA DE ACORDO**

#### **RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 18.12.2017 E INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA.**

#### **Expediente: 2017/G006/000235**

*A urxencia da celebración desta sesión Plenaria ven derivada do prazo establecido nas bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2018” da Deputación da Coruña para a inclusión dos proxectos dentro do dito Plan provincial, tendo os Concellos que presentar as solicitudes ata as 15h do día 20 de decembro de 2017.*

*Tendo en conta o establecido no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, ao respecto dos asuntos sen ditaminar pola correspondente Comisión Informativa.*

*Por tanto, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA:***



**PRIMEIRO.**- Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Pontedeume de 18.12.2017.

**SEGUNDO.**- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

**PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) "POS+ 2018". ACORDOS QUE PROCEDAN.**

*Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume, a 15 de decembro de 2017."*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non habendo intervencións, e advertido un erro na proposta xa que, no punto primeiro da proposta, onde di "18.12.2017", debe dicir "19.12.2017", sométese a proposta corrixida a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Pontedeume de 19.12.2017.

**SEGUNDO.**- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

**PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) "POS+ 2018". ACORDOS QUE PROCEDAN.**

**2.- PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) "POS+ 2018". ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Tendo en conta a proposta do asunto, de data 15.12.2017, que de seguido se transcribe:

**"PROPOSTA DE ACORDO**

**SOLICITUDE PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) "POS+ 2018"**

**(Expediente: 2017/G006/000233)**

*Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperración ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) "POS+ 2018", con RE no Concello nº 5461 e 5830 de 5 e 20 de outubro de 2017 e as bases do devandito Plan publicadas no BOP nº 188 de 3 de outubro de 2017.*

*Visto que na devandita Circular comunícase a asignación do POS+ 2018 ao Concello de Pontedeume por importe de 597.556,40 euros.*

*Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á corrección de erros da circular de comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperración ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) "POS+ 2018", con RE no Concello nº 6188 de 9 de novembro de 2017.*

*Vistos os informes do arquitecto Municipal que obran no expediente.*

*Visto os informes da Secretaria Municipal que obran no expediente.*

*Visto os informes da Interventora Municipal que obran no expediente.*

É por isto que esta Alcaldía-Presidentencia formula a seguinte **PROPOSTA** de **ACORDO**:

**1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2018" da Deputación provincial da Coruña,**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

### A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	208.358,48 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>208.358,48 €</b>

### B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (investimentos "financieiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Substitución de tubaxes de saneamento e abastecemento en Avda. de Ferrol	160, 161	80.058,95 €	0,00 €	80.058,95 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>		<b>80.058,95 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>80.058,95 €</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Deputación	Concello	Orzamento total
Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola infantil de Nogueirosa		183.999,99 €	0,00 €	183.999,99 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>		<b>183.999,99 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>183.999,99 €</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

### C) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:



Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
<u>Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume</u>	933	124.368,24 €
<b>Subtotal achegas municipal 2017</b>		<b>124.368,24 €</b>

**D ) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2018</b>	208.358,48 €	0,00 €	<b>208.358,48 €</b>
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2017</b>	80.058,95 €	0,00 €	<b>80.058,95 €</b>
	<b>Préstamo 2018</b>	183.999,99 €	0,00 €	<b>183.999,99 €</b>
<b>C- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	<b>Achega 2017</b>	124.368,24 €	0,00 €	<b>124.368,24 €</b>
	<b>Achega 2018</b>	208.358,48 €	0,00 €	<b>208.358,48 €</b>
	<b>Achega 2017</b>	204.427,19 €	0,00 €	<b>204.427,19 €</b>
	<b>Préstamo 2018</b>	183.999,99 €	0,00 €	<b>183.999,99 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>TOTAL</b>	<b>596.785,66 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>596.785,66 €</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2018 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Mellora de parque infantil e pista polideportiva en Centroña	171	<b>38.883,02 €</b>

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pavimentación de acceso ó Barreiro	453, 454	32.805,27 €
Pavimentación Camiño Vello	453, 454	49.439,16 €
Pavimentación de viais no núcleo de Ponte deume	153	35.318,41 €
<b>TOTAIS</b>		<b>156.445,86 €</b>

3.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas disponibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde, Don Bernardo Fernández Piñeiro."

Logo de que se emitira proposta emendada en data 19/12/2017, que será a que se someta a adopción de acordo, da que a Secretaria da lectura, do seguinte teor literal que se transcribe:

### **"PROPOSTA DE ACORDO**

**EMENDA PROPOSTA DE ACORDO PARA SOLICITUDE PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) "POS+ 2018" (Expte. 2017/G006/000233)**

**(Expediente: 2017/G006/000237)**



Vista a proposta de acordo desta Alcaldía Presidencia do día 15 de decembro de 2017 relativa á solicitude do Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan Único de Concellos) "POS+ 2018).

Visto a comunicación telefónica efectuada por parte da Deputación Provincial da Coruña do día 15 de decembro, logo do estudo previo da proposta de acordo, así como dos anexos e do resto da documentación obrante no expediente, no que se comunica ao Concello a necesidade de efectuar determinadas modificacións na proposta da Alcaldía para ser sometida a aprobación do Pleno da corporación.

As modificacións son as seguintes:

-Incorpórase ao expediente o ANEXO X que non constaba na proposta de data 15/12/2017

- Subsánanse os informes técnicos (Anexo V e VI) sobre o investimento "Substitución de tubaxes de saneamento e abastecemento na Avda. de Ferrol".

Cambiase a denominación da obra "Pavimentación de viais no núcleo de Pontedeume" por "Pavimentación de viais na Rúa Río Eume e Praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo", tendo o novo proxecto nre 7003 de data 18/12/2017 e subsánanse todos os informes relativos á mesma (Anexo V, VI, VII e VIII).

-Incorporar de xeito expreso a innecesariedade de acollerse á financiación do pago a provedores indicando o total 0,00 € adicado a este subtotal.

É por isto que esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **EMENDA DA PROPOSTA de ACORDO do día 15/12/2017**, quedando formulada a mesma nos termos que a continuación se sinalan:

1.-Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2018"** da Deputación provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	208.358,48 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>208.358,48 €</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2017</b> (investimentos "financieiramente sostibles")		<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Grupo de programa</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Substitución de tubaxes de saneamento e abastecemento en Avda. de Ferrol	161	80.058,95 €	0,00 €	80.058,95 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>		<b>80.058,95 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>80.058,95 €</b>

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018</b>		<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>	
Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola infantil de Nogueirosa	183.999,99 €	0,00 €	183.999,99 €	
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>	<b>183.999,99 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>183.999,99 €</b>	

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

### C) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

<b>Denominación do investimento "financieiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017</b>	<b>Deputación</b>	
<b>Denominación</b>	<b>Grupo de programa</b>	
<u>Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume</u>	431	124.368,24 €
<b>Subtotal achegas municipal 2017</b>		<b>124.368,24 €</b>

### D) Resumo:

<b>SUBTOTALS</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
------------------	-------------------	-----------------	--------------



<b>A- PAGO A PROVEEDORES</b>	<b>Achega 2017</b>	0,00 €	0,00 €	<b>0,00 €</b>
	<b>Achega 2018</b>	0,00 €	0,00 €	<b>0,00 €</b>
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2018</b>	208.358,48 €	0,00 €	<b>208.358,48 €</b>
<b>C- INCREMENTOS</b>	<b>Achega 2017</b>	80.058,95 €	0,00 €	<b>80.058,95 €</b>
	<b>Préstamo 2018</b>	183.999,99 €	0,00 €	<b>183.999,99 €</b>
<b>D- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	<b>Achega 2017</b>	124.368,24 €	0,00 €	<b>124.368,24 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2018</b>	208.358,48 €	0,00 €	<b>208.358,48 €</b>
	<b>Achega 2017</b>	204.427,19 €	0,00 €	<b>204.427,19 €</b>
	<b>Préstamo 2018</b>	183.999,99 €	0,00 €	<b>183.999,99 €</b>
	<b>TOTAL</b>	596.785,66 €	0,00 €	<b>596.785,66 €</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2018 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

<b>Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Grupo de programa</b>	<b>Orzamento</b>
<i>Mellora de parque infantil e pista polideportiva en Centroña</i>	171	<b>38.883,02 €</b>
<i>Pavimentación de acceso ó Barreiro</i>	153	<b>32.805,27 €</b>
<i>Pavimentación Camiño Vello</i>	153	<b>49.439,16 €</b>
<i>Pavimentación de vias na rúa Río Eume e Praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo</i>	153	<b>35.318,41 €</b>
<b>TOTAIS</b>		<b>156.445,86 €</b>



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas disponibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde, Don Bernardo Fernández Piñeiro.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, indicando que se segue coa dinámica anterior, destinando a primeira das achegas a gasto corrente, o que permite liberar fondos municipais para poder realizar actuacións con recursos propios e que estas se reflexarán no orzamento municipal. Sobre o financiamento de investimentos, xustifica a actuación de substitución de tubaxes de saneamento e abastecemento na Avda. De Ferrol dada a frecuencia coa que se producen incidencias/roturas na infraestrutura existente, que provoca fugas que procen danos en vivendas, continuando así na liña de renovar pouco a pouco as conducións de abastecemento e saneamento municipais. Sobre a segunda das achegas, o Sr. Alcalde-Presidente di que supón minorar a aportación con recursos propios do financiamento da obra do mercado, liberando así fondos municipais para adicar a outro tipo de obras. No que respecta ao préstamo provincial (PAI), indica que se vai adicar á actuación no interior da Escola de Nogueirosa, onde xa se fixo unha actuación no exterior, para dar cabida ás distintas asociacións con sede no edificio e dotalo de accesibilidade. Anuncia que a previsión do goberno é facer unha actuación similar na unitaria de Centroña. Finalmente, xustifica as actuacións incluídas no Plan Complementario, que explica deben ser actuacións por un importe mínimo do 20% do total do POS+. Conclúe a súa intervención indicando que foi decisión do goberno a inclusión destas actuacións neste Plan, se ben podería haber outras, e convidando á oposición a facer propostas para a realización das actuacións que se realizarán con fondos propios, logo de que liberen os fondos mediante este plan para o gasto corrente.

De seguido, toma a palabra D. Javier Crespo Romeo. O portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular comeza a súa intervención facendo referencia ao carácter urxente da convocatoria, que considera xa se está convertendo en habitual, e ao escaso prazo co que



contaron para poder ver a documentación. Considera que as cousas se deben facer con tempo e previsión e con reunións para posibilitar facer aportacións. Supón que a Deputación remitiría información sobre o asunto con tempo e que a oposición non tivo mais que dous días, que cualifica como lectivos, ata a celebración do Pleno, considerando que están totalmente desinformados e que existe falla de previsión por parte do goberno local. Di que podería ter debatido e chegado a un acordo, se non fora pola premura e emerxencia do asunto, que considera unha dinámica constante, téndose convertido en costume, cualificando a decisión do goberno local como autogoberno e sinalando que en mandatos anteriores, se facían reunións previas ao POS, nas que participaba o Sr. Alcalde. Indica que o seu grupo vai votar a favor do acordo porque son obras en beneficio de Pontedeume e das súas parroquias, que considera correctas, mais que se poderían ter decidido outras obras, poñendo como exemplo que na escola de Nogueirosa se vai realizar unha segunda actuación e que, ao mellor, sería máis acertado investir noutras. Fai referencia ao proxecto de saneamento da Avda. De Ferrol aprobado polo anterior goberno local e á imposibilidade de compartir e axudar, xa que non se puido participar da elección das acutacións. Di que agarda que cambie o xeito de traballar e que a votación vai ser para aprobar as obras, se ben quere que quede constancia do dito.

Concluída a intervención anterior, toma a palabra a portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas. Dña. Ana Veira García di que poden estar de acordo co portavoz do PP en que sempre se está no límite dos prazos, o que considera que pode ser perigoso e fai alusión a que en outros Concellos xa se ten aprobado este asunto hai días, que hai uns prazos que se saben cando rematan, compartindo a situación de estrés ao que se somete aos grupos á hora de informarse sobre as cousas. Sobre a relación de actuacións que compre realizar, fai alusión ao amaño das pingueiras da casa do concello.

Pecha o debate D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Sr. Alcalde-Presidente indica que a problemática das pingueiras no edificio do Concello ven provocada pola presenza das gaiivotas e que se ten amañado varias veces. Sobre a Avda. De Ferrol, di que hai problemas coas beirarrúas á hora de atopar o tipo de plaqueta existente que, segundo indica, está descatalogada, se ben tan pronto a teñan, colocárase. Considera que sí que se conta coa oposición, xa que se recollen actuacións plantexadas polos distintos grupos, como é esta actuación do saneamento. Xustifica a decisión do goberno local á hora de elixir as actuacións e di que os cartos son os que son, priorizando co mellor criterio. Nega que no anterior mandato se consultaran as obras, indicando que o debate non era algo que houbera con moita afluencia. Di que a urxencia ven dada porque os proxectos tardaron en chegar xa que as empresas redactoras están saturadas polo volume de proxectos dos distintos Concellos. Sobre o proxecto existente do saneamento da Avda. De Ferrol, recorda que é un documento que derivou en que se executara un tramo menor xa que non recollía as acometidas, evitando así que a veciñanza tivera que pagar novamente. Sobre o proxecto que hoxe se somete a aprobación, indica que é moito máis longo, que completa ao anterior.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta emendada a votación, quedando adoptado por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

1.-Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2018”** da Deputación provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Subtotal pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
----------------------------	--------	--------	--------

### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	208.358,48 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>208.358,48 €</b>

### C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (investimentos "financieiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Substitución de tubaxes de saneamento e abastecemento en Avda. de Ferrol	161	80.058,95 €	0,00 €	80.058,95 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>		<b>80.058,95 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>80.058,95 €</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Deputación	Concello	Orzamento total
Reforma interior e mellora da accesibilidade da Escola infantil de Nogueirosa		183.999,99 €	0,00 €	183.999,99 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>		<b>183.999,99 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>183.999,99 €</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

### C) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

Denominación do investimento "financieiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017	Deputación



Denominación	Grupo de programa	
Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Pontedeume	431	124.368,24 €
<b>Subtotal achegas municipal 2017</b>		<b>124.368,24 €</b>

**D ) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEEDORES</b>	Achega 2017	0,00 €	0,00 €	<b>0,00 €</b>
	Achega 2018	0,00 €	0,00 €	<b>0,00 €</b>
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2018	208.358,48 €	0,00 €	<b>208.358,48 €</b>
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2017	80.058,95 €	0,00 €	<b>80.058,95 €</b>
	Préstamo 2018	183.999,99 €	0,00 €	<b>183.999,99 €</b>
<b>D- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	Achega 2017	124.368,24 €	0,00 €	<b>124.368,24 €</b>
<b>TOTAL</b>	Achega 2018	208.358,48 €	0,00 €	<b>208.358,48 €</b>
	Achega 2017	204.427,19 €	0,00 €	<b>204.427,19 €</b>
	Préstamo 2018	183.999,99 €	0,00 €	<b>183.999,99 €</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>596.785,66 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>596.785,66 €</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2018 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Mellora de parque infantil e pista polideportiva en Centroña	171	38.883,02 €
Pavimentación de acceso ó Barreiro	153	32.805,27 €
Pavimentación Camiño Vello	153	49.439,16 €
Pavimentación de viais na rúa Río Eume e Praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo	153	35.318,41 €
<b>TOTAIS</b>		<b>156.445,86 €</b>

3.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas dispoñibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e dous minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

